

**BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Memoria 1994

Aprobada na Comisión da BUSC de 22 de Xuño de 1995

**BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Memoria 1994



Aprobada na Comisión da BUSC de 22 de Xuño de 1995

MARCO XERAL

O ano 1994 caracterizouse na BUSC por un considerable incremento presupostario (coma pode verse nos apartados de presuposto e desenvolvemento das coleccións) e pola continuidade do plano de automatización, aínda que sen terse producido a dispoñibilidade dun novo ordenador no que podan residir as aplicacións da BUSC e a entrada na rede de comunicacións da Universidade, o que lle resta parte importante da súa potencialidade. Tamén se continuaron e potenciaron as liñas de cooperación emprendidas en anos anteriores e abrironse outras novas.

En xulio deste ano cesou coma Presidenta da Comisión da BUSC Dña. M^a Xosé Agra Romero, sendo substituída por D. Ermelindo Portela Silva.

Automatización

Coma xa se avanzara na Memoria de 1993, neste ano realizouse a reconversión dos catálogos das Bibliotecas das Facultades de Xeografía e Historia e Filoloxía, traballos que se adjudicaron a unha empresa a comezos de 1994 por importe de 45.453.000 ptas. A fins de ano tiñanse reconvertido 67.697 rexistros bibliográficos, dos que 38.988 pertencen á B. de Filoloxía e 28.709 á B. de Xeografía e Historia. Co remate do proxecto terásese incrementado a base de datos con aproximadamente 86.000 rexistros bibliográficos e 107.000 novos volumens automatizados.

En maio de 1994 finalizou a catalogación automatizada dos fondos da biblioteca da Real Sociedade Económica de Santiago, depositada na Biblioteca Xeral, proxecto que foi financiado pola Comisión de Patrimonio da Xunta de Galicia.

Así mesmo reconvertiuse a formato MARC o catálogo de publicacións periódicas, anteriormente cun programa *in house*. Este catálogo deberá ser revisado dende as Bibliotecas cara á súa corrección e posta o día.

No seu conxunto as tres instalacións da base de datos existentes ata este momento (Biblioteca Xeral, Campus Sur e Biblioteca da F. de Filoloxía) contaban a fins de ano con 243.671 rexistros bibliográficos.

En febreiro de 1994 automatizouse na Biblioteca Xeral o préstamo interbibliotecario, co programa SOD que se tiña adquirido a fins de 1993.

Lamentablemente non foi posible, coma estaba previsto, contar neste ano cun ordenador capaz de albergar o conxunto da base de datos e comunicado a través da rede, o que permitiría: a) consulta á base de datos dende calquera punto do Campus de Santiago, b) inicia-la catalogación en curso de forma automatizada na Biblioteca de Xeografía e Historia, c) inicia-lo préstamo automatizado nas Bibliotecas de Filoloxía e Xeografía e Historia, d) acceso en liña ó catálogo de publicacións periódicas cara á súa actualización. Pero ademáis de retrasarse estes obxectivos básicos, os actuais ordenadores están sobreesaturados, o que ocasiona que os tempos de resposta especialmente en determinados tramos horarios sexan máis altos do que sería de desexar. En calquera caso, no momento da redacción desta Memoria agárdase contar cos equipos necesarios no ano 1995, aínda que retrasando a posta en marcha da rede de CD-ROMs.

Cooperación e redes

Durante 1993 realizáronse diversos contactos coa Universidade Laval de Canadá para poder traballar co seu sistema de materias en liña. Estes contactos diron lugar á redacción dun Convenio, que se asinará en 1995.

Así mesmo mantivéronse contactos co Servicio de Bibliotecas da Xunta de Galicia, que deron tamén orixe á sinatura dun Convenio polo que a Biblioteca Xeral cede á Consellería de Cultura os rexistros de fondos procedentes do Depósito Legal da Sección Galicia dende 1988 ata 1994 cara á edición do *Boletín do Depósito Legal*, e a cambio a Consellería destina 1 bibliotecario do seu cadro de persoal á Biblioteca Xeral durante 1 ano para realizar tarefas de catalogación do Depósito Legal.

A Biblioteca Xeral colaborou na presentación do proxecto *La Biblioteca América : catalogación temática*, dirixido pola Dra. Pilar Cagiao Vila, que foi financiado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que se desenvolvera nos anos 1995-96. Neste proxecto participa coma persoal investigador a Xefa da Sección de Procesos Técnicos da BUSC.

A BUSC colaborou co IDEGA na elaboración e desenvolvemento do Curso de Postgrao *A xestión da información na Administración e na Empresa*, que comezou a impartirse en Outubro de 1994 e finalizará en Xuño de 1995. Este curso composto por 30 créditos e ó que asisten 25 alumnos está en parte impartido por persoal da BUSC e docentes da Universidade de Santiago, aínda que conta tamén con docentes e profesionais da información do resto do Estado.

A rede REBIUN, da que a BUSC forma parte, sigue a incrementa-los seus membros, estando na actualidade formada polas seguintes bibliotecas Universitarias: Alcalá de Henares, Barcelona, Cantabria, Carlos III, Girona, UNED, Oviedo, País Vasco, Politécnica de Catalunya, Politécnica de Valencia, Pompeu Fabra, Pública de Navarra, Rovira i Virgili, Santiago de Compostela e Sevilla. Son centros asociados a Biblioteca da Agencia Española de Cooperación Internacional e a Biblioteca da Universidade Autónoma de Madrid. O máis importante traballo da rede sigue a ser o seu catálogo en CD-ROM que facilita ás bibliotecas españolas unha importante ferramenta para o préstamo interbibliotecario.

A Dirección da BUSC estivo presente na II Conferencia de Directores de Bibliotecas Universitarias e Científicas celebrada en Granada en xuño deste ano. Nela tomáronse diversos acordos respecto ó préstamo interbibliotecario, interconexión e cooperación bibliotecaria e normalización de estatísticas.

Así mesmo en Decembro deste ano a BUSC xunto coa Biblioteca Universitaria de Cantabria e a Biblioteca da Universidade Pública de Navarra iniciou un grupo de traballo cara o desenvolvemento común do programa SABINI.

Estructura

No presente ano non se produciu ningún cambio significativo na estrutura da BUSC, a non ser a unificación das Bibliotecas da Facultade de Veterinaria e Escola Politécnica Superior, que provisoriamente, ata a construción da Biblioteca Intercentros, comparten as instalacións da Facultade de Veterinaria.

PRESUPOSTO

O presuposto ordinario aprobado pola Xunta de Goberno da Universidade para a BUSC en 1994 foi de 287.000.000 ptas., distribuídas nos seguintes capítulos:

Capítulo 2: 25.000.000 ptas.

Capítulo 6: 262.000.000 ptas.

Este presuposto supuxo un incremento do 30.97% sobre os créditos ordinarios de 1993, dotándose de novo a aplicación de equipamentos que nos anos 1992-1993 non fora dotada por problemas presupostarios e téndose feito os investimentos sobre aplicacións do Vicerrectorado de Asuntos Económicos.

Debido ós problemas presupostarios que se están a sufrir cos incrementos dos custos das publicacións periódicas tódolos anos, suplementouse o capítulo 6 con 7.796.207 ptas.

Así mesmo a Xunta de Goberno foi informada da previsión de adicar 45.000.000 ptas. do fondo de solidariedade para a automatización da Biblioteca da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, aínda que finalmente tal proxecto non foi financiado en 1994. No momento da redacción desta Memoria está previsto que o investimento se realice en 1995.

Por descontos en librerías estes créditos vironse incrementados por importe de 1.740.113 ptas para adquisición de monografías.

Os Departamentos, Proxectos de Investigación e Centros destinaron á BUSC 30.958.412 ptas. no Capítulo 6 , e 4.787.838 ptas. no capítulo 2.

O conxunto da Biblioteca Universitaria veu tamén incrementado o seu presuposto con 30.600.000 ptas correspondentes ás Axudas da Xunta para Infraestructuras de 1993 e con 41.750.000 ptas. de 1994, ambas

adxudicadas en 1994. As correspondentes a 1994 supuxeron un especial esforzo para o persoal da BUSC, dado que, resoltas en novembro, deberon ser xustificadas antes de mediados de Decembro.

Un desglose destes créditos pode verse nas taboas finais deste capítulo.

O **presuposto ordinario** distribuíuse de acordo ós criterios aprobados pola Xunta de Goberno, a proposta da Comisión da BUSC, cun esquema similar ó desenvolto en anos anteriores.

Do capítulo 6 dedicáronse á adquisición de publicacións periódicas 162.000.000 ptas., debido a que quedara unha remanente do crédito extraordinario de 1993 de 14.362.603, o que supoñía un incremento do 13%, que se prevía suficiente en función da evolución do mercado de subscricións e de pequenos recortes no número de títulos. O non terse producido estes recortes, foi preciso suplementa-lo crédito. En total os investimentos en publicacións periódicas foron 182.307.272 ptas. (incremento do 17.77% sobre 1993), parecendo confirmarse que os incrementos medios do segmento de revistas suscriptas pola BUSC é superior á media dos incrementos do conxunto do mercado de publicacións periódicas.

A adquisición de publicacións unitarias tivo un presuposto ordinario de 88.000.000 ptas. (un 57.14% máis que en 1993 e o 35.2% do presuposto ordinario para adquisicións bibliográficas).

A súa distribución foi a seguinte:

-Dotación inicial para 4 novas titulacións:

Enxeñeiro de Montes	500.000 ptas.
Humanidades	500.000 ptas.
Enxeñeiro Químico	500.000 ptas.
Psicopedagogía	500.000 ptas.

-Asignación extraordinaria

Especialidade de Educación Física da EU de FP de EXB de Lugo	300.000 ptas.
--	---------------

-Presuposto base para cada Centro: aplícase o incremento do 53.03% resultante, unha vez reducidas as cantidades anteriores, ás bases de 1993, o que orixina os seguintes resultados:

Centros Experimentais (9)	743.470 ptas
Centros non Experimentais (9)	1.486.191 ptas.
Escolas Universitarias (6)	278.801 ptas

-O mesmo incremento aplícase ós presupostos da B. Xeral e ós fondos destinados ós alumnos:

Biblioteca Xeral	18.666.599 ptas.
Alumnos	13.099.368 ptas.


Os fondos destinados a libros de alumnos distribuíronse de acordo ó cómputo seguinte:

- Os primeiros 1.000 alumnos multiplican por 1
- Os alumnos entre 1.000 e 2.000 multiplican por 0,5
- Os alumnos que sobrepasen os 2.000 multiplican por 0,33

-Os fondos restantes, 32.194.278 ptas., adicanse á investigación cos mesmos criterios na súa distribución que o ano anterior: proporción 60-30-10 correspondente a Centros non Experimentais, Experimentais e Escolas Universitarias en función do número de profesores con adicación exclusiva no Centro, según o seguinte cómputo:

- Os primeiros 50 profesores contabilizan todos
- Entre 50 e 75 profesores contabilizan o 75%
- O número de profesores superior a 75, contabiliza o 50%

A distribución dos créditos ordinarios para adquisicións bibliográficas por Biblioteca pode verse no gráfico seguinte:



A aplicación 605 adicada a equipamentos estivo dotada con 12.000.000 ptas., que se distribuíron para facer fronte ós seguintes gastos:

- Equipamento B. da F. de CC Económicas e E.
- Equipamento BX
- Equipamento B. da EU de FP de EXB de Santiago
- Equipamento B. da F. de Farmacia
- Equipamento B. da F. de Matemáticas

Así mesmo reserváronse 7.000.000 ptas. con vistas a poñer en funcionamento unha rede de CD-ROMs, pero dado que este presuposto era insuficiente según os cálculos dos Servicios Informáticos, non se fixo o investimento, quedando coma remanente desta aplicación.

Por outra parte, existía a previsión de adquisición de periféricos co fondo de solidariedade para dotar de equipos cara á automatización ás Bibliotecas de Xeografía e Historia e Filoloxía, así coma completa-los existentes en bibliotecas xa automatizadas. Dado que estes investimentos non se realizaron, a Comisión da BUSC na súa xuntanza do mes de Decembro, a proposta da Dirección, decidiu destinar a remanente da

aplicación 605 da BUSC para estes equipamentos tan pronto se conte co novo ordenador.


O presuposto asignado no Capítulo 2 supuxo un incremento do 30.69% sobre o do ano anterior, aplicándose un incremento do 15% á BX, e ás restantes ó 30.69% sobre o de 1993, construándose así unhas bases en función do carácter de Biblioteca Intercentro, de Facultade ou de Escola Universitaria (750.000, 650.000 e 350.000 ptas. respectivamente). Introduciuse por primeira vez coma criterio corrector de distribución o número de usuarios de cada Biblioteca.

Pola súa parte os Centros aportaron a este capítulo investimentos por importe de 4.787.838 ptas.

PRESUPOSTO ORDINARIO. Distribución por Bibliotecas

Centros	Monografías	Publicacións	total adquis. bibliográf.	Capít.2	Total
BX	18.666.599	7.335.603	26.002.202	9.155.910	35.158.112
Bioloxía	2.301.090	13.989.323	16.290.413	812.430	17.102.843
Economicas	6.466.712	5.386.481	11.853.193	1.292.696	13.145.889
Dereito e Pol.	8.420.081	10.872.985	19.293.066	1.494.913	20.787.979
Farmacia	2.737.961	17.899.600	20.637.561	914.517	21.552.078
Filoloxía	6.496.848	4.942.709	11.439.557	1.150.164	12.589.721
Filos. e Psico.	8.754.009	7.171.053	15.925.062	1.112.963	17.038.025
Física e Opt.	2.894.424	24.857.319	27.751.743	930.896	28.682.639
Hist. e CCI.	7.502.809	5.019.690	12.522.499	1.034.805	13.557.304
Matemát.	2.262.297	20.268.605	22.530.902	803.586	23.334.488
Medicina	3.319.040	20.790.778	24.109.818	921.800	25.031.618
Química	2.779.799	23.797.760	26.577.559	812.672	27.390.231
Veter. e Polit.	5.444.504	10.988.548	16.433.052	1.915.769	18.348.821
CCs e Human idades	4.212.192	4.305.834	8.518.026	718.145	9.236.173
EXB Lugo	1.525.515	771.144	2.296.659	430.370	2.727.029
EXB Santiago	1.781.679	1.012.200	2.793.879	538.699	3.332.578
Empresariais	1.363.086	776.970	2.140.056	529.986	2.670.042
Enfermería	1.071.346	350.405	1.421.751	429.589	1.851.340
Observatorio	0	1.468.064	1.468.064	0	1.468.064
ICE	0	302.202	302.202	0	302.202

**EVOLUCION DO PRESUPOSTO CENTRALIZADO DE
PUBLICACIONES PERIODICAS
1989-1994**



APORTACIONES DEPARTAMENTOS, PROXECTOS, CENTROS

Centros	Depart.,Proxectos, Centros Cap6	Cap.2Centros
BX	0	0
Bioloxía	116.404	0
Economicas	0	0
Dereito e Pol.	5.235.677	125.000
Farmacía	200.000	0
Filoloxía	9.937.190	2.181.815
Filos. e Psico.	1.970.411	1.308.500
Física e Opt.	981.604	0
Hist. e CCI.	9.566.159	0
Matemát.	940.844	797.438
Medicina	0	0
Química	417.738	375.085
Veter. e Polít.	107.752	0
CCs e Humanidades	355.405	0
EXB Lugo	407.490	0
EXB Santiago	156.818	0
Empresariais	0	0
Enfermería	0	0
Observatorio	0	0
ICE	564.920	0

INFRAESTRUCTURAS XUNTA DE GALICIA 1993-1994

Centros	Xunta93	Xunta 94
BX	3.000.000	5.000.000
Bioloxía	1.500.000	2.000.000
Economicas	1.800.000	2.500.000
Dereito e Pol.	3.300.000	5.000.000
Farmacia	1.500.000	2.000.000
Filoxía	1.800.000	2.500.000
Filos. e Psico.	3.600.000	3.000.000
Física e Opt.	1.500.000	2.000.000
Hist. e CCI.	1.300.000	2.300.000
Matemát.	1.500.000	2.000.000
Medicina	1.500.000	2.000.000
Química	1.500.000	2.000.000
Veter. e Polit.	3.500.000	4.000.000
CCs e Humanidades	3.800.000	4.500.000
EXB Lugo	0	0
EXB Santiago	0	0
Empresariais	0	0
Enfermería	0	0
Observatorio	500.000	500.000
ICE	0	450.000

PERSOAL

A finais de 1994 a BUSC contaba co seguinte persoal:

Escala Facultativa de Arquivos e Bibliotecas:	5 (1 sen dotar)
Técnico de Documentación informática:	1
Escala de Axudantes de Bibliotecas	60 (7 son contratos temporais)
Técnico de xestión de sistemas:	1 (sen dotar en 1994)
Auxiliares administrativos:	4
Auxiliares Técnicos de Bibliotecas:	79 (2 a tempo parcial)
Porteiro maior:	1
Auxiliares de Servicios. A. de Conserxería:	2

Ademáis deste persoal, a BUSC contou coa colaboración de becarios en prácticas de FP, dos que 3 desenvolveron tarefas na BX, 2 na B. de CC. Económicas e Empresariais, 4 na B. Intercentros de Veterinaria e E. Politécnica Superior, e 2 na B. da EU de FP de EXB de Lugo.

No ano 1994 celebrouse o concurso para cubri-la praza de Dirección da BUSC, e coma consecuencia das resultas producíronse os cambios seguintes:

Dirección : Concepción Varela Orol

Subdirección Técnica: Pilar González Nóvoa

Sección de Procesos: Celia Couce Cachaza

Negociado de Información: Almudena Quintáns López

A principios de ano incorporouse o persoal da Escala de Axudantes de Arquivos, Bibliotecas e Museos procedente das probas selectivas realizadas no ano anterior e que viñeron a cubri-las vacantes que con anterioridade estaban ocupadas por contratos de obra. Os funcionarios que pasaron a formar parte do cadro de persoal da BUSC son: D. Ramón Luis Pazos Ferreiro, Dna. Carmen Pazos González, Dna. M^a Dolores Picallo Martínez,

Dna. M^a Mercedes Díaz de Bustamante, Dna. Josefina Adán Porto, Dna. M^a Carmen Varela Prado, Dna. Ana del Carmen González Dacosta, D. José Enrique Quintans Miguez, Dna. M^a Isabel Casal Reyes, D. Xosé Anxo Casal Rey, D. Francisco Javier Redondo Abal, Dna M^a de los Angeles Valdés Blanco, Dna Ana Isabel Portugués del Rio, Dna Mercedes Neira Díaz, Dna Alicia Fernandez Vegas, e Dna Concepción Fernández Marassa.

No cadro de axudantes de A.B.M. deixou a BUSC por excedencia voluntaria Dna. M^a Josefa Cacheiro Gallego, Directora da Biblioteca da Facultade de Farmacia, a quen agradecemos a súa colaboración dende 1979 nas tarefas da BUSC. Provisoriamente cubriu esta praza en comisión de servicios Dna. Tránsito Ferreras.

No cadro de auxiliares administrativos incorporouse Dna Luisa Ferreiro Couselo, que permutou a súa praza con Dna. Teresa López Martínez

No mes de Decembro realizáronse as probas selectivas para cubrir provisoriamente a praza de Técnico xestor de sistemas.

En canto á formación continuada do cadro de persoal, a Xunta Técnica da BUSC, consciente a un tempo da limitación presupostaria cara a financiamento de cursos externos e do interese para todo o persoal da BUSC dado o forte cambio que está a ter o mundo da información, acordou que naqueles casos en que fora posible o financiamento por parte da Universidade, este fora parcial, asumindo os asistentes parte dos gastos, coa finalidade de que poideran asistir a distintos cursos o maior número de persoas.

A Xunta Técnica elevou á Xerencia a proposta de realización de 2 cursos que tiveron lugar os meses de maio, xuño e outubro. O primeiro destes cursos foi sobre MS-Dos básico, impartido polo funcionario da BUSC D. Ramón Luis Pazos Ferreiros, co obxectivo de proporcionar un coñecemento desta ferramenta a bibliotecarios que están a traballar con CD-ROMs e outros soportes informáticos. Desenvolveuse en 3 grupos, 1 no Campus de Lugo e 2 en Santiago. O segundo curso foi sobre o Repertorio de materias da Universidade Laval, impartido polas funcionarias da BUSC Dna. Pilar González Novoa e Dna. Paloma Castro Rey e por Dna. Ana Rodiño Domínguez do Servicio de Normalización Lingüística. A este Curso asistiron 30 bibliotecarios de ambos Campus.

A Dirección e Subdirección Técnica da BUSC asistiron no mes de xuño dentro do marco da II Conferencia de Directores de Bibliotecas Universitarias e Científicas celebrada en Granada ó *Seminario sobre Evaluación de servicios bibliotecarios* impartido polo Prof. Lancaster.

Tamén houbo presenza de persoal desta Biblioteca no *Curso sobre Catalogación en un entorno automatizado*, organizado por Rebiun no marco dos Cursos de Verán da Universidade de Cantabria, ó que asistiron Dna. Carmen Bermejo Díaz de Rábago, Dna Paloma Castro Rey, e Dna Juana López Anglada.

Ó *Curso Redes de CD-ROM. Presente e futuro* celebrado en Cádiz asistiron D. Anxo Doval Rey e Dna. Almudena Quintáns López.

Ó *Curso sobre Búsquedas bibliográficas a través de estructuras químicas* celebrado en Madrid asistiu Dna. M^a Dolores Vázquez Villot.

Ó *Curso sobre Fondos bibliográficos antiguos en las Bibliotecas* celebrado en Madrid e organizado por Anabad asistiu Dna. M^a Virtudes Pardo Gómez.

A participación como docentes do persoal da BUSC, ademáis da correspondente ó *Curso de Postgrao A xestión da información na Administración e na Empresa* ó que xa se fixo referencia, foi a seguinte: Dna. Virtudes Pardo Gómez no *Curso El Libro antiguo en las Bibliotecas españolas*, dentro dos Cursos de Verán da Universidade de Oviedo, coa conferencia *Los fondos históricos de la Biblioteca Universitaria de Santiago*, e Dna. Concepción Varela Orol coa conferencia *El expurgo*, dentro do Ciclo de Conferencias celebrado en Vitoria pola Asociación de Bibliotecarios do País Vasco e *A xestión das publicacións periódicas* no *Seminario Internacional sobre publicacións periódicas* organizado pola Biblioteca Nacional de Ciencia y Técnica de La Habana.

DISTRIBUCION DO CADRO DE PERSOAL DA BUSC

Centros	Fac. e Axud. ABM	Aux. adm.	Aux. Tcos.	Conserxes
BUSC	5			
BX	18	4	15 (1)	3
Bioloxía	2		4	
Economicas	3		5	
Dereito e Pol.	4		6	
Farmacia	2		4	
Filoloxía	5		5	
Filos. e Psico.	6 (2)		5	
Física e Opt.	1		3	
Hist. e CCI.	5		5	
Matemát.	2 (3)		4	
Medicina	3		5	
Química	2		4	
Veter. e Polit.	3		6	
CCs e Humanidades	1		2	
EXB Lugo	1 (4)		2	
EXB Santiago	1		2	
Empresariais	1 (4)		2	
Enfermería	1 (5)		2	

1. Inclue 2 persoas a tempo parcial para apertura os sábados
- 2.1 persoa desenvolve o seu traballo no ICE
3. Atenden tamén a B. do Observatorio
4. As Bs. das EUs de EXB e Empresariais de Lugo comparten a Dirección.
5. Comparte a Dirección coa Biblioteca da F. de Medicina.

INSTALACIONES E EQUIPAMENTO

No ano 1994 as modificacións de instalacións non foron substanciais, aínda que se ampliaron espacios na Biblioteca da Facultade de Farmacia e na da EU de EXB de Santiago, onde se ubicaron 50 novos postos de lectura.

A Biblioteca Xeral abriu unha Mediateca, aínda que de momento cunha pequena colección de vídeos científicos e métodos de idiomas e un total de 8 postos de consulta. Os 32 postos restantes resérvanse para consulta de fondos de depósito.

Instalouse unha colección de manuais nunha sala preexistente na Facultade de CC. Políticas.

Melloráronse as instalacións dotándoas con saídas de emerxencia na Biblioteca de Xeografía e Historia e CC. da Información e cun sistema de aire acondicionado na Biblioteca da F. de Veterinaria e Escola Politécnica.

Así mesmo equipáronse as novas instalacións da Biblioteca da Facultade de CC. Económicas e Empresariais (44 novos postos de lectura), EU de EXB de Santiago, Facultade de Matemáticas e Facultade de Farmacia.

Instalacións e equipos informáticos son unha das carencias máis fortes da BUSC. Como sinalan as normas da American Library Association para Bibliotecas Universitarias, persoal, coleccións e edificios "*necesitan estar entre sí na proporción correcta para alcanza-las metas do servicio da biblioteca*"¹. O conxunto da BUSC ten neste momento 20.916 m², cando debería ter ó redor de 36.000 m², e 9 bibliotecas con menos de 1.000 m², superficie que se considera a mínima para a instalación dunha biblioteca².

Polo que se refire ós equipos informáticos, a maioría das bibliotecas contan con ordenadores persoales anticuados (286) que están a presentar problemas cara ó uso a que van destinados (consulta de bases de datos en CD-ROM), dado que as novas versións destas bases requiren con frecuencia

¹ALA,ACRL: Normas para bibliotecas Universitarias : evaluación de la eficacia, en Bol. Anabad, XLIV (1994), n°3, p. 199

²Jornadas de Trabajo sobre Bibliotecas Universitarias. Las Navas del Marqués. 1986 : Bibliotecas Universitarias. Recomendaciones sobre su Reglamentación. -- Ministerio de Cultura, 1987.





contar con 486. Naturalmente algunhas bibliotecas nin siquiera contan con ningún equipamento deste tipo.

Sen dúbida o equipo máis importante que precisa hoxe a BUSC é un ordenador conectado á rede de comunicacións con capacidade suficiente para que nel resida o conxunto de instalacións actuais do programa de automatización e ó tempo que dea servicio ós postos de traballo das novas bibliotecas que xa reconvertiron o seu catálogo (Filoloxía e Xeografía e Historia) e ás que deben inicia-la automatización en datas próximas. Aínda que había unha previsión de que se contaría co ordenador e os periféricos no ano 1994, non foi así e haberá que agarda-la aprobación dos presupostos de 1995 para poñer en marcha a súa adquisición.

Nas táboas e gráficos seguintes pode verse a relación nº usuarios³/ postos de lectura e superficies existentes e necesarias en cada punto de servicio..

³O número de usuarios empregados nestes gráficos corresponde ós datos de profesores e alumnos proporcionados polo Vicerrectorado con vistas á distribución do presuposto de 1994.

Centros	Usuarios	Postos existentes
BX		349
Biología	1249	260
Economicas	4942	381
Dereito e Pol.	5728	614
Farmacia	2034	474
Filoloxía	3846	394
Filos. e Psico.	2791	255
Física e Opt.	1391	146
Hist. e CCI.	2190	484
Matemát.	1181	220
Medicina	2090	260
Química	1297	180
Veter. e Polit.	3966	268
CCs e Humanidades	524	144
EXB Lugo	618	54
EXB Santiago	1451	170
Empresariais	1384	57
Enfermeria	612	94



DESENVOLVEMENTO DAS COLECCIONS

En 1994 ingresaron na BUSC 32.348 títulos de monografías, fronte ós 24.527 ingresados en 1993. Destes fondos 24.972 foron obtidos por compra, o que supón un incremento do 60.27%, atribuíble tanto ó crecemento do presuposto ordinario, ó feito de terse executado no mesmo ano 2 Axudas para Infraestrutura da Xunta de Galicia (aínda que parte gastada en publicacións periódicas), e á dispoñibilidade dunha forte remanente (30.127.761 ptas.) orixinada en gran parte polo crédito extraordinario de Novembro de 1993.

No exercicio de 1994 tódalas bibliotecas fixeron un forte esforzo para executa-lo presuposto dentro do ano económico, o que entre outras razóns é do máximo interese se se ten en conta a forte inflación que afecta ós materiais documentais. Soamente 2 bibliotecas, según os datos proporcionados polo Servicio de Contabilidade, presentan remanentes superiores ás 200.000 ptas.: a Biblioteca da F. de Física e EU de Optica (1.259.965 ptas., das que 810.059 corresponden ó presuposto de Física e 449.906 ó da EU de Optica), e en cuantía moi inferior a Biblioteca Intercentros de Xeografía e Historia e CC. da Información (275.538 ptas., das que 272.861 corresponden á Facultade de Ciencias da Información). Estas cifras deben matizarse xa que a primeira deixou sen executar o 32.47% do presuposto dispoñible e a segunda soamente o 2.12%.

Unha análise por campus xeográficos e tipo de adquisición indica:

Biblioteca Xeral:

Por compra:	2.731 títulos
Por donativo:	1.390 títulos
Por intercambio:	156 títulos
Por depósito Legal:	1.242 títulos
Universidade:	186 títulos
Total:	5.705 títulos

Deste conxunto 2.792 monografías ingresaron nos fondos galegos, 700 na Biblioteca América, e os restantes na Sección de Información bibliográfica e referencia e nos fondos xerais da BX.

A biblioteca seguiu a adquirir fondos retrospectivos na Sección de Galicia, destacando o manuscrito do século XIX de José María Castro Bolaño: *Cargas perpetuas que afectan a la propiedad territorial de Galicia y su influencia*, e o impreso do século XVIII *Por las muy nobles ciudades de voto en Cortes del Reyno de Galicia... sobre... se den provisiones por duplicado á las ciudades para que no se les obligue a hazer acopiamentos involuntarios por la sal...*

Entre as obras de información bibliográfica e referencia hai que salienta-las bases de datos en CD-ROM : *British Catalogue of Printed books to 1975*, e *PCI-Periodicals Contents Index*, adquiridas ambas coa Axuda para Infraestructura da Xunta de Galicia de 1994.

Bibliotecas de Centros do Campus de Santiago


Por compra:	17.277 títulos
Por donativo:	2.064 títulos
Por intercambio:	1.896 títulos
Total:	21.237 títulos

Bibliotecas de Centros do Campus de Lugo

Por compra:	4.964 títulos
Por donativo:	429 títulos
Por intercambio:	13 títulos
Total:	5.406 títulos

Un desglose destes datos por Centros, así coma a evolución do número de títulos adquiridos por compra nos dous últimos anos, pode verse na táboa e gráfico da páxina seguinte.

Centros	Compra94	Total adqu.94
BX	2.731	5.705
Bioloxía	679	945
Económicas	1.302	1.513
Dereito e Pol.	2.504	2.920
Farmacia	313	417
Filoloxía	3.557	4.160
Filos. e Ps.	3.396	3.797
Física e Opt.	658	756
Xeogr. e CCI.	2.692	3.626
Matemáticas	618	680
Medicina	269	874
Química	331	418
Vet. e Politéc.	1.483	1.676
CCs. e Humanidades	2.201	2.283
EXB Lugo	1.018	1.033
EXB Santiago	775	932
Empresariais	262	414
Enfermería	183	199



As coleccións de **publicacións periódicas** incrementáronse cos fascículos de aproximadamente 6.800 títulos de revistas (non é posible proporcionar datos exactos dadas as interrupcións, retrasos, etc. na edición dalgunhas publicacións periódicas). Destes títulos 3.831 foron adquiridos por suscripción sobre o presuposto da BUSC, 906 por intercambio, 1.303 por doazón e 747 con outros presupostos.

Un desglose dos títulos de publicacións periódicas recibidos en cada Biblioteca pode verse na taboa seguinte:

Centros	Presuposto centralizado	Intercambio	Doazóns	Outros presupostos	Total
BX	112	95	266	46	519
Bioloxía	138	136	53	36	363
Economicas	333	10	225	17	585
Dereito e Pol.	462	45	62	134	703
Farmacía	251	41	76	11	379
Filoloxía	360	133	93	161	747
Filos. e Psico.	282	82	60	60	484
Física e Opt.	196	7	10	25	238
Hist. e CCI.	387	219	89	154	849
Matemát.	243	35	21	10	309
Medicina	300	10	71	1	382
Química	169	19	23	17	228
Veter. e Polit.	200	4	43	16	263
CCs e Humanidades	125	6	53	6	190
EXB Lugo	62	0	4	3	69
EXB Santiago	103	63	47	6	219
Empresariais	48	0	9	0	57
Enfermería	19	0	6	0	25
Observatorio	18	0	46	2	66
ICE	23	1	46	42	112
Total	3831	906	1303	747	6787

Do estudio económico realizado no ano 1993 dentro dos traballos da Subcomisión de publicacións periódicas deducíase con claridade que cando os mesmos títulos eran pagados co presuposto centralizado nos campus de Santiago e Lugo a dous provedores distintos, os prezos presentaban variacións explicables dende o diferente volumen de facturación con cada proveedor. Con vistas a conter ó máximo posible o importe da facturación das publicacións periódicas e tendo así mesmo en conta a considerable cantidade de recursos financeiros implicados, a Dirección da BUSC propuxo ó Vicerrectorado de Asuntos Económicos a realización dun concurso público para o suministro das publicacións estranxeiras. Este concurso resolveuse no mes de xulio. Coma é evidente tivo unha grande complexidade tanto bibliotecaria, coma polos requisitos administrativos derivados do prezo de licitación. Neste sentido hai que salienta-la colaboración do Servicio de Xestión Económica da Universidade.

Previamente á realización deste concurso público solicitáronse ás Bibliotecas os posibles cambios de títulos que se desexaran, sempre e cando os importes foran inferiores ou similares. En total díronse de baixa 68 títulos e fíxose subscripción para 1995 a 103.

A BX xestionou a recepción de 334 fascículos correspondentes a 105 títulos de publicacións enviadas por diversas Bibliotecas universitarias (Barcelona, Salamanca, UNED, Valencia e Valladolid) e hospitalarias (Barcelona, Huelva, Toledo).

Adquiríronse así mesmo fondos retrospectivos de publicacións periódicas, en moitos casos coas Axudas para Infraestrutura da Xunta de Galicia ou aportacións de Departamentos. As listas destas adquisicións figuran nas Memorias das Bibliotecas de Centro.

Na BX adquiríronse algunhas coleccións de revistas para a Biblioteca América coma *Sagitario* (México 1926-1927), e *Caras y Caretas* (Montevideo 1890-1892), ou para completa-los fondos históricos coma *La Montagne/Les Droits de l'Homme/Le Republicain Rouge* (Paris 1848-1849).

En canto ás medidas de conservación e restauración de fondos, continuouse a microfilmación da prensa galega, realizándose en 1994 os microfilms correspondentes a *La Noche* 1960-1967, e 22 impresos antigos ou raros, normalmente coincidindo con demandas de reproducións por parte de usuarios.

PROCESOS TECNICOS





En 1994 a BUSC incrementou os seus catálogos con 42.081 rexistros bibliográficos, dos que 17.540 foron realizados manualmente e os restantes nas distintas instalacións automatizadas. A maior parte destes rexistros corresponden a unidades bibliográficas de nova adquisición, aínda que no catálogo Galicia graváronse 5.362 rexistros correspondentes a artigos de revista ou partes de monografías xa que a descripción dos fondos desta Sección faise de xeito máis pormenorizado.

Por outra parte, na BX integráronse 2.240 monografías procedentes do donativo da familia Tobío, que tiña ingresado o ano anterior. Algunhas bibliotecas catalogaron tamén fondos procedentes dos Departamentos, como no caso da Biblioteca de Filoloxía cos fondos gregos, ou fondos existentes na Biblioteca sen procesar, coma no caso da Biblioteca da EU de FP de EXB de Santiago.

Pero algúns puntos de servizo tiveron problemas para facer fronte á catalogación dos fondos de novo ingreso, debido a insuficiencia de persoal como é o caso das Bibliotecas de Ciencias e Humanidades e da EU de FP de EXB de Lugo. Outros desequilibrios entre adquisicións e catalogacións, coma os producidos na Biblioteca Intercentros de X^a e Historia e CC. da Información, agardamos que podan solventarse coa automatización da catalogación en curso.

A base de datos de Galicia contaba a fins de ano con 58.662 rexistros bibliográficos, téndose incrementado tamén cos fondos galegos das Bibliotecas de Historia e Filoloxía. Con obxecto de que no futuro esta base poda integrar tamén os fondos galegos das outras dúas instalacións hoxe existentes (Campus Sur, catálogo en curso de Filoloxía) o persoal das bibliotecas automatizadas realizou durante o ano 1994 unha identificación e sinalización dos rexistros destes fondos, coa finalidade de facer un volcado automático no momento en que se conte co novo ordenador.

Respecto ós traballos de reconversión de catálogos, consúltese o apartado de automatización na introducción desta Memoria. O estado dos catálogos automatizados pode verse nos gráficos seguintes:



Na BX, a única da que se posúen datos de ingresos de publicacións periódicas por unidades físicas, ingresaron 12.805 unidades, das que 1.092 foron de prensa, 1.983 fascículos de publicacións oficiais, 2.330 fascículos de publicacións galegas, 2.179 de revistas españolas, 865 de revistas extranxeiras, 302 da Biblioteca América, 3.904 microfichas, 81 microfilms, e 69 entregas de CD-ROMs.

Este departamento da BX realizou a catalogación analítica de 4.456 artigos de revistas referidos e/ou editados en Galicia, que pasaron a formar parte da base de datos de Galicia. Deles 3.606 estaban publicados en títulos de revistas galegas, 491 en revistas da Biblioteca América, e os 359 restantes en revistas españolas ou extranxeiras.

SERVICIOS

Coma xa se indicaba na Memoria do ano anterior a avaliación dos servicios, e mesmo os datos cuantitativos, deben ser vistos con certa prudencia xa que a BUSC aínda non foi capaz en 1994 de poñer en marcha sistemas de control axeitados ó uso dos fondos en acceso directo. Sen embargo, si é posible presentar datos máis fidedignos dalgúns servicios, coma o préstamo interbibliotecario, gracias á súa automatización.


En 1994 elaborouse un proxecto de recollida de datos mediante técnicas de mostra sobre o uso das coleccións, que comezará a poñerse en marcha en 1995, cinguindo o estudio ó sector das publicacións periódicas, ó seren estas o segmento que de forma máis representativa se encontra en acceso directo na maioría das bibliotecas.

As demandas de consulta dos usuarios é un dato que paulatinamente tende a facerse opaco, xa que nas bibliotecas co préstamo automatizado estas solicitudes practicamente desaparecen ó poder o usuario saber se o libro está ou non prestado no momento de consulta ó catálogo. Un ocultamento semellante ocorre no caso de que haxa acceso directo ós fondos. Indudablemente tamén este tipo de datos haberá que obtelos no futuro mediante estudos de usuarios e taxas de satisfacción e/ou dispoñibilidade.

En total os documentos consultados polos usuarios directos da BUSC foron 491.029, sen conta-los fondos da maioría das bibliotecas que non fan estimacións sobre as consultas en acceso directo nin os datos de préstamo dos dous primeiros meses do ano das bibliotecas do campus Sur automatizadas. Se a estes lle engadimos os datos incluídos posteriormente no servizo de préstamo interbibliotecario, a BUSC moveu 503.115 fondos propios, e tendo en conta os obtidos noutras bibliotecas serviu 517.144. Deste conxunto de documentos 217.095 foron consultas realizadas nas propias instalacións das bibliotecas, e os restantes 273.934 foron obras emprestadas nos servizos de préstamo a domicilio.

Un desglose dos datos por puntos de servizo pode verse a continuación:

Centros	Lectura en sala	Préstamo a domicilio
BX	18.330	41.325
Biología	5.175	13.741
Económicas	32.023	15.736
Dereito e Pol.	12.000	2.335
Farmacia	3.544	7.758
Filología	15.680	47.975
Filos. e Psico.	16.986	27.367
Física e Opt.	2.487	15.174
Hist. e CCI.	17.692	19.259
Matemát.	5.478	17.828
Medicina	17.848	6.024
Química	27.000	11.298
Veter. e Polit.	25.624	16.561
CCs e Humanidades	4.577	7.150
EXB Lugo	2.721	4.784
EXB Santiago	6.288	11.289
Empresariais	1.575	3.601
Enfermería	2.068	4.729



Prácticamente en tódalas bibliotecas o número de consultas en préstamo é moi superior ó de consultas nas propias instalacións, pese a que determinados tipos de materiais están excluídos do servizo de préstamo. A análise destes datos debe ter en conta que a maioría das bibliotecas no fan estimacións sobre o uso en acceso directo.

No conxunto dos datos de préstamo hai que resalta-lo enorme volume de materiais servidos na Biblioteca da Facultade de Filoloxía, que está a facer fronte a un incremento considerable (38.10% sobre 1993) cun persoal escaso e de forma manual. Urxe, pois, a súa automatización.

Sinalar así mesmo que a diminución producida nos datos dos servizos da Biblioteca Intercentros de Veterinaria e Escola Politécnica está en relación co seu peche durante 2 meses debido á fusión das bibliotecas dos dous Centros indicados.

Hai que salientar tamén que este uso do servizo de préstamo baséase nunha utilización masiva dun número reducido de títulos coma pode observarse nos datos das bibliotecas automatizadas. Así na Biblioteca Xeral 23.758 préstamos automatizados realizáronse sobre soamente 5.715 volumes, na Biblioteca de Bioloxía 13.741 préstamos sobre 3.969, na Biblioteca de Farmacia 7.758 préstamos sobre 1.876, na de Filosofía e Psicoloxía 27.367 préstamos sobre 10.553, na de Física 15.174 préstamos sobre 3.165, na de Matemáticas 17.828 préstamos sobre 4.536, e na Biblioteca de Química os 11.298 préstamos foron sobre 2.183 volumes.

Tampouco existen datos dos **servizos de información bibliográfica e referencia**, dos que soamente 9 bibliotecas poden levar un control das súas consultas. Destaca-las 4.600 consultas da Biblioteca da Facultade de Medicina e 1.101 da Biblioteca Intercentros de Filosofía e CC. da Educación e Psicoloxía.

No Servizo de información bibliográfica e referencia da Biblioteca Xeral atendéronse 3.818 consultas, das que o 62.15% foron de referencia e o 37.84% de carácter bibliográfico. Destas últimas soamente un 4.64% fixeron uso do acceso en liña. En canto ós tipos de usuarios que empregaron este Servizo, reseñar que o 44.63% foron alumnos, un 26.67% investigadores, un 15.34% usuarios externos á Universidade e en cantidades inferiores

outras institucións, as restantes Universidades galegas e outros puntos de servizo da BUSC.

Dentro da **formación de usuarios** realizáronse diversas actividades, normalmente relacionadas co catálogo automatizado da biblioteca, co acceso a bases de datos instaladas localmente e coa presentación dos servizos bibliotecarios ós alumnos de primeiros cursos. A BX e as Bibliotecas de Bioloxía, Filosofía e Psicoloxía, Matemáticas, Medicina, Química, Veterinaria e Politécnica, EXB de Santiago e Lugo e Empresariais tiveron algunha actividade ou varias deste tipo ó longo do ano 1994.

As bibliotecas do Campus de Lugo, así coma a da Facultade de CC. Económicas e Empresariais e a das Facultades de Xeografía e Historia e CC. da Información realizaron guías impresas dos seus servizos.

O servizo de **préstamo interbibliotecario** realízase na Biblioteca Xeral e na Biblioteca da Facultade de Medicina.


Na Biblioteca Xeral realizáronse 15.139 transaccións de solicitudes neste servizo, das que 9.461 foron solicitudes da BUSC e 5.678 foron solicitudes doutras bibliotecas á BUSC.

En relación ás solicitudes da BUSC de reproducións de documentos tramitáronse 7.828 (90.10 % das solicitudes), xa que o 10% restante ou ben tiñan erros na identificación bibliográfica, ou, o caso máis frecuente, os usuarios soamente estaban interesados na reprodución se o documento se localizaba en España. Das solicitudes tramitadas obtivéronse 6.903 documentos (88%), non se obtiveron 488 (6%) e quedaron a fins de ano en trámite 437 (5%). O promedio de tempo que a BUSC tardou en obter estes documentos foron 22.79 días, que sin supoñer unha cifra absolutamente satisfactoria, implica unha mellora considerable do servizo sobre todo tendo en conta que este promedio debe tender a reducirse considerablemente co uso do correo electrónico que se agarda poñer en marcha en 1995. Por outra parte hai que salientar tamén que o 78.26% obtivéronse en Bibliotecas ou Centros de documentación de España, o que garda relación coa mellora e difusión dos catálogos destes centros. Un 25.90% das solicitudes corresponderon a documentos localizados na rede REBIUN.

Outro dato salientable que a BUSC coñece por primeira vez gracias á automatización deste servizo é a enorme dispersión de títulos de publicacións periódicas demandados. Así só 15 títulos foron demandados 15 ou máis veces ó longo do ano 1994, e destes soamente 4 (*Atmospheric Environment, Journal of Marketing Research, Water Research, e Genomics*) tiveron máis de 20 solicitudes. O primeiro e o terceiro destes títulos foron demandados por un só usuario externo á Universidade de Santiago, o segundo título foi demanda no período cronolóxico 1970-1980 soamente por un usuario da USC; soamente o cuarto título tivo diversos demandantes.

Tamén se realizaron 773 solicitudes de préstamo temporal de orixinais, dos que se obtiveron 613 (79.4%), non se obtiveron 69 (8.9%) por diversas causas (fondos que non se prestan, datos erróneos, anulacións por parte do usuario, etc.) e quedaron en trámite a fins de ano 91 (11.7%).


A procedencia destas solicitudes de préstamo interbibliotecario por Centros pode verse no gráfico seguinte:



A BX recibiu 5.678 solicitudes dos seus fondos, das que 5.338 foron demandas de reproducións e 340 de préstamo temporal de fondos, o que supón un incremento do 6.11% respecto a 1993. Destas solicitudes poideron ser atendidas 4.945, 714 non estaban entre os fondos da BUSC ou se encontraba mal a referencia, e 19 estaban en trámite a fin de ano. O incremento máis notable (119%) produciuse na solicitude de orixinais, o que garda relación coa progresiva incorporación dos fondos da BUSC, gracias á automatización, no catálogo en CD-ROM de REBIUN.

En canto ás solicitudes de artigos de revistas 5 títulos tiveron máis de 20 solicitudes ó longo deste ano: *Journal of Colloid and Interface Science*, *Perceptual and Motor Skills*, *Nature*, *Family Process*, e *FEMS Microbiology Letters*.

A procedencia dos fondos demandados por bibliotecas alleas á e servidos pola BX é a seguinte:



Ademáis destas solicitudes as Bibliotecas serviron 2.517 documentos dos seus fondos ás outras Universidades galegas, dos que 1.554 foron solicitados pola Universidade de A Coruña e 963 pola de Vigo.

O servicio de préstamo interbibliotecario da Biblioteca da Facultade de Medicina realizou 11.137 transaccións, das que 6.513 foron solicitudes de documentos non disponibles na BUSC e 4.624 demandas dos seus fondos (ás que habería que engadir aquelas que se realizaron a través da BX, coma se pode ver nos gráficos anteriores). Non se poden ofertar datos máis pormenorizados, dado que o servicio realízase manualmente. Dentro dos planos da BUSC está a súa automatización en 1995, sempre e cando as disponibilidades presupostarias o permitan.

Dentro da rede Documat a Biblioteca da Facultade de Matemáticas recibiu doutras bibliotecas da rede 125 documentos e serviu 161.

Coma un servicio de **difusión** dos seus fondos a BUSC realizou exposicións, colaborou con outros organismos na realización dalgunha ou emprestou fondos para mostras doutras institucións. En 1994 estas exposicións foron as seguintes:

-Exposición bibliográfica-documental sobre Eloy Luis André, 1876-1935, realizada polas Facultades de Psicoloxía da Universidade de Santiago e da Universidade Autónoma de Madrid, celebrada en Madrid do 22 ó 24 de febreiro e en Santiago do 2 ó 4 de marzo.

-II Mostra homaxe a Manuel Colmeiro, organizada pola Escola Galega de Administración Pública, e celebrada do 1 ó 15 de abril.

-Producción bibliográfica dos Profesores da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, organizada por esta Facultade e celebrada os días 26 a 29 de abril.

-Exposición Galicia xudía, organizada polo Concello de Santiago e celebrada do 27 de abril ó 3 de xuño.

-Mostra Fondos bibliográficos de Alejo Carpentier, organizada pola Facultade de Ciencias da Información con motivo da inauguración da Cátedra Alejo Carpentier, e celebrada do 2 ó 6 de maio.

-Exposición Día das Letras Galegas 1994, adicado a Luis Seoane, en colaboración coa Diputación de A Coruña e os Institutos de Bacharelato

Rafael Dieste e Monelos de A Coruña, e celebrada no Pazo de Fonseca na segunda quincena de maio.

-*Exposición Os Alicerces do teatro Galego. Historia da literatura dramática e do Teatro Galego*, organizada polo Museo de Ribadavia e celebrada do 15 de xullo ó 15 de agosto.

Tamén neste ano se reeditaron algúns fondos históricos desta BUSC sobre exemplares da BX. O Consorcio de Santiago realizou unha reprodución da obra seguinte: Sociedad Económica de Amigos del Pais de Santiago: *La primera colonia Escolar Compostelana : Vacaciones escolares de 1893*. -- Santiago, 1894.

O Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro realizou unha edición facsímil de *Aturuxo : Revista de poesía e crítica* (Ferrol, 1952-1960).

INDICE

	Páxinas
Marco xeral	1
Presuposto	4
Persoal	13
Instalacións e equipamento	17
Desenvolvemento das coleccións	21
Procesos técnicos	26
Servicios	29

